

**PARTICIPANTES DAS ACCIÓNS FORMATIVAS DA EFA PIÑEIRAL
REALIZARON UNHA VIAXE TÉCNICA A MADRID DENTRO DO PROGRAMA DE
FORMACIÓN E EMPRENDEMENTO CON XOVES DO MEDIO RURAL**

A viaxe técnica perseguía a mellora da cualificación profesional nas áreas de comercio e márketing

Un nutrido grupo de participantes das accións formativas do centro **Efa Piñeiral** desplazáronse esta semana a Madrid para participar nas xornadas do domingo, luns e martes no programa de Formación e Emprendemento para Xoves do Rural promovido pola EFA GALICIA- EFA PIÑEIRAL de Arzúa (A Coruña).

Esta viaxe técnica orientouse hacia a mellora da cualificación profesional na área do comercio e do marketing e comprendeu un amplo abano de actividades; dende a análise de espazos singulares como os mercados gastronómicos de San Miguel, San Antón e San Ildelfonso, o estudo dos deseños de espazos en zonas comerciais como Gran Vía e Castellana, a detección das tendencias de escaparatismo e imaxe do Barrio de Salamanca e o coñecemento doutras experiencias profesionais das que poder inspirarse nas súas potenciais iniciativas emprendedoras.

Na xornada do luns tivo lugar a recepción dos participantes no Congreso, por parte da deputada Marta González, e na Dirección Xeral de Desarrollo Rural para coñecer de primeira man o cometido da RED RURAL.

Así mesmo, visitouse unha tenda tradicional, Colchenería Cuesta, negocio familiar que sigue a apostar por un modelo de negocio de proximidade, local, primando a atención persoal.

No martes celebrouse unha xornada na Casa de Galicia en Madrid onde se desenvolveu unha mesa de experiencias na que os participantes da viaxe formativa de Piñeiral tiveron ocasión de coñecer o funcionamento, servizos e as actividades da Delegación da Xunta en Madrid, que, en nome do delegado, lles foron explicadas polo coordinador de Actividades da Casa de Galicia, Ramón Jiménez. Neste encontro tamén participou a Asociación de Empresarios Galegos en Madrid (Aegama), representada polo seu gerente José Cerdeira; e o da empresa de publicidade e edición Murph, por quen entrevistou Román Iglesias. Ademais, participaron da tertulia técnica sobre o potencial de internet e das comunidades dixitais ofrecida por LedsCare, a cargo do seu director e profesor da Universidade Juan Carlos, Pablo Martínez de Anguita.

“Aprender para emprender, coñecer os éxitos, tamén os erros, as posibilidades, os recursos, descubrir entes e ferramentas existentes nos que se poder inspirar e apoiar para a inserción laboral e a empleabilidade, esa é a razón de ser destas accións formativas que en Piñeiral promovemos e que consideramos contribúen ó desenvolvemento persoal e profesional que procuramos potenciar”, declara Mary Espiñeira, formadora de Piñeiral e coordinadora desta viaxe técnica.

Saúdos cordiais.

Comunicación Efa Piñeiral.

Inma Carbia.

comunicacion@pineiral.es

23 de Marzo de 2018